


50 50 anos Renovando eduCando

colexio de educación infantil e primaria

Raquel Camacho

 Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Revista trimestral
A Coruña_marzo_2021

DEZ GATIÑAS VIAXEIRAS

EVA MEJUTO

Visita o noso colexio

RECOMENDACIÓNS

QUE LER?

Libros para a primavera



O NOSO

VIVEIRO^{2.0.}

EXPRESS

VISITA DA ESCRITORA Á NOSA BIBLIOTECA

EVA E AS GATIÑAS VIAXEIRAS

Imaxina que estás a ler un libro que che gusta moito. E agora imaxina que a propia

Pois o pasado 3 de marzo foi un día moi especial no colexio: recibimos a visita de Eva Mejuto. As aulas de 1º e 2º de E. Primaria están a gozar do seu libro [Dez gatiñas viaxeiras](#).

En palabras dos e das que estive-

autora do libro visita a túa clase e che fala del. Unha sorte, non si?

ron alí, foi unha fermosa viaxe pola palabra que, rimando rimando, levounos a fermosos lugares.

Con estes libros tan fermosos non precisamos movernos. Só abrilos, ulilos, respíralos, lelos, pasar as súas follas e gozar!■



VOZ NATURA

A CAMELIA DE ROSALÍA

Aí onde as ves, as camelias pertencen a ese grupo escolli-

do de flores que aparecen no inverno.



Álvaro Cunqueiro dicía que as camelias son coma luces no inverno galego.

O pasado 24 de febreiro, celebramos no colexio o **Día de Rosalía** con actividades repartidas polas aulas. Non te fixaches nas nosas ventás? [Non deixes de escoitar o hip hop que creamos cun poema seu.](#)

As nenas e nenos de 6º de E. Primaria **plantaron unha camelia** na honra da nosa poeta máis querida.

Sabías que hai unha variante de camelia que se chama camelia híbrida Rosalía de Castro?

4 DATOS QUE NON SABÍAS SOBRE A CAMELIA ROSALÍA

1. Veu de Portugal; creouna un viveiro do Porto.
2. Florea entre novembro e abril.
3. As súas flores locen unha cor vermella-alaranxada.
4. Podes ver un exemplar na [Casa de Rosalía](#) en Padrón.■

CONCURSO OLLA A PALABRA DO DÍA

PALABRAS CON FORZA

Na web [O Portal das Palabras](#), cada día mostran unha palabra curiosa: a Pala-

Lembras que en novembro nos presentamos varias aulas cuns magníficos traballos ao concurso *Olla a palabra do día*? Pois o xurado concedeulle á **aula de 5º A de E. Infantil do noso colexio o 2º premio.**

O xurado decidiu outorgar esta distinción pola súa creación sobre [Ricardo Carvalho Calero](#). O alumnado traballou para crear unha serie de imaxes arredor do protagonista das [Letras Galegas 2020](#), inspirán-

bra do día. Tratábase de ilustrar cada unha das 7 palabras do día dunha semana enteira.

dose en palabras do día como orador, narrador, poeta ou dramaturgo, e empregando acuarelas ou unha colaxe con obxectos de uso cotián nas aulas.


Desde o colexio queremos felicitar á **Real Academia Galega** e á **Fundación Barrié** por convocar propostas como esta que axudan a apoderar o inmenso vocabulario da nosa lingua propia. ■

gº - Fundación Barrié

Aula de 5º A de E. INFANTIL

Semana do 12 ao 18 de outubro

CONCURSO OLLA A PALABRA DO DÍA




VEÑA, ATRÉVETE CON ESTES XOGOS

PASATEMPOS

Si, si. Xa sabemos que andas sempre rumbando de ser máis listo/a que un allo e de

ter un ollo clínico. Pois veña, chegou a hora de demostralo dunha vez!

MANDALA DA PRIMAVERA



ENCRUCILLADA

1. Primeira estación do ano.

2. Sae cando chove e quenta o sol (de dereita a esquerda).

3. Agroman na primavera.

4. Día das Letras...

5. Festa propia do mes de Maio (de abaixo a arriba).


6. Mes de comezo da primavera.

7. Nome da autora do Día das Letras Galegas de 2021.

8. Dedicámoslle o día o pasado 24 de Febreiro.

9. Mes de remate da primavera (de abaixo a arriba).

10. Apelido da autora da palabra número 7 (de abaixo a arriba).



XEROGLÍFICO

Como se titula ese libro de Xela Arias?



SOPAS DE LETRAS

Bótalle PEITO, non te poñas de COSTAS e busca 12 partes do corpo.

Nivel
MEDIO

BRAZO, CABEZA
COSTAS
DEDA
DEDO
NÁDEGA
NOCELLO
PÉ
PEITO
PERNA
PULSO
XEONLLO

C	Z	N	X	L	B	P	C	M	V
A	L	O	X	V	X	N	Ñ	P	B
B	T	P	E	R	N	A	C	U	C
E	C	I	O	L	O	X	O	L	D
Z	V	Z	N	M	C	V	S	S	E
A	M	L	L	P	E	I	T	O	D
L	O	P	L	É	L	M	A	C	A
D	E	D	O	T	L	B	S	Z	N
Z	B	R	A	Z	O	X	L	M	Ñ
N	Á	D	E	G	A	C	N	Z	V

Perseverance visita Marte e ti atopa ese e outros 10 planetas e satélites.

Z	N	E	P	T	U	N	O	C	X
N	D	Z	C	P	L	U	T	Ó	N
V	B	X	X	G	Z	N	M	V	B
M	S	L	Ú	A	V	L	C	F	D
B	U	A	P	C	S	V	Z	L	M
L	R	C	I	Z	B	E	T	X	V
M	A	R	T	E	N	N	E	C	S
X	N	M	E	R	C	U	R	I	O
C	O	Z	R	F	X	S	R	B	L
S	A	T	U	R	N	O	A	E	Z

Nivel
MEDIO

LÚA, MARTE, MERCURIO,
NEPTUNO, PLUTÓN,
SATURNO, SOL, TERRA,
URANO, VENUS, XÚPITER



REPRODUCE O PATRÓN NO RESTO DE CELAS


RECOMENDACIÓN S LECTORAS PARA A PRIMAVERA

QUE LER?

A primavera axuda a pasar máis tempo ao aire libre. Ademais de xogar, podemos

aproveitar o momento para sentar nun banco do parque e gozar dun libro.

EDUCACIÓN INFANTIL



O AÑO QUE É UN PORQUIÑO de Pim Lammers e Milja Praagman. A ver se non pode un año ser un porquiño se así o sente!

+ INFO: [Hércules Ediciones](#)

3º E 4º DE E. PRIMARIA



OS MINIMORTOS. BENVIDO AO OUTRO BARRIO de Leticia Costas. Os Minimortos son unha cuadrilla de nenos de ultratumba.

+ INFO: [Edicións Xerais](#)

1º E 2º DE E. PRIMARIA



O OSO BOMOZO de María Isabel Correa e Santiago Luna Lupo. Un oso sen talento asombroso e co soño glorioso de ser un mozo grandioso.

+ INFO: [Bululú](#)

6º E 5º DE E. PRIMARIA



PATIO DE LUCES de Érica Es-morís. Lea, mentres o seu avó traballa de porteiro, dedícase a observar as trandeiras do patio interior e imaxinar quen vivirá en cada piso.

+ INFO: [Editorial Anaya](#) ■